2020/FA/ 000166	06/01/2020	FE191370334247 20	19/12/201 9	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	ELECT. DECEMBRO RUA RIVEIRA DA MOUTA,0004AP	2020.1650.22100	181,02 €
2020/FA/ 000167	06/01/2020	FE191370334265 37	19/12/201 9	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	ELECT. DECEMBRO RUA NOVEDADES,0011CD CULTURA	2020.3330.22100	15,44 €
2020/FA/ 000168	06/01/2020	FE191370323620 91	09/12/201 9	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	ELECT. DECEMBRO RUA ROLLO,0006CD ALPU	2020.1650.22100	298,11 €
2020/FA/ 000169	06/01/2020	FE191370323710 00	09/12/201 9	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	ELECT. DECEMBRO ALAMEDA VELLA,0036 ALPUBL	2020.1650.22100	75,71 €



2020/FA/ 000170	06/01/2020	FE191370334703 41	19/12/201 9	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	ELECT. DECEMBRO CENTRO DE DÍA. RUA MONTESACRO,0045 BJ	2020.9200.22100	397,40 €
2020/FA/ 000171	06/01/2020	FE191370334782 62	19/12/201 9	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	ELECT. DECEMBRO SINEIRO (O),0004AP	2020.1650.22100	350,36 €
2020/FA/ 000172	06/01/2020	FE191370324914 03	10/12/201 9	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	ELECT. DECEMBRO PORTO TRAGOVE,0007AP ALPU	2020.1650.22100	162,45 €
2020/FA/ 000173	06/01/2020	FE191370324915 62	10/12/201 9	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	ELECT. DECEMBRO Bouciña 5, ap	2020.1650.22100	511,25 €
2020/FA/ 000174	06/01/2020	FE191370336498 32	22/12/201 9	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	ELECT. DECEMBRO RIBEIRO (O),0071 BJ04	2020.3340.22100	5,28 €
2020/FA/ 000175	06/01/2020	FE191370325041 92	10/12/201 9	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	ELECT. DECEMBRO BOUCIÑA (A),0001* BOMBEO	2020.1600.22100	53,65 €
2020/FA/ 000176	06/01/2020	FE191370325081 04	10/12/201 9	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	ELECT. DECEMBRO REVOLTA 0016 AP	2020.1650.22100	568,12 €
2020/FA/ 000177	06/01/2020	FE191370336658 25	22/12/201 9	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	ELECT. DECEMBRO CASA DE CULTURA JACOBO CASTRO A SECA	2020.3340.22100	339,90 €
2020/FA/ 000178	06/01/2020	FE191370337032 99	22/12/201 9	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	ELECT. DECEMBRO TRAGOVE,0100AP	2020.1650.22100	258,43 €
2020/FA/ 000179	06/01/2020	FE191370325137 52	10/12/201 9	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	ELECT. DECEMBRO FORNOS,0005CC AP	2020.1650.22100	75,42 €
2020/FA/ 000180	06/01/2020	FE191370326065 04	12/12/201 9	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	ELECT. DECEMBRO LAXE (A), 0008 BOMBEO	2020.1600.22100	36,13 €
2020/FA/ 000181	06/01/2020	FE191370337286 99	22/12/201 9	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	ELECT. DECEMBRO SEMAFORO RIBEIRO (O),0077AP	2020.1650.22100	28,45 €
2020/FA/ 000182	06/01/2020	FE191370327731 57	15/12/201 9	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	ELECT. DECEMBRO COVAS DE LOBOS,0075	2020.3210.22100	31,81 €
2020/FA/ 000183	06/01/2020	FE191370341789 90	26/12/201 9	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	ELECT. DECEMBRO VALADA,0001AP	2020.3340.22100	142,27 €
2020/FA/ 000184	06/01/2020	FE191370331437 52	17/12/201 9	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	ELECT. DECEMBRO CRUCEIRO (O),0045AP	2020.1650.22100	187,27 €
2020/FA/ 000185	06/01/2020	FE191370331377 65	17/12/201 9	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	ELECT. DECEMBRO LAXES (AS),0071AP	2020.1650.22100	266,48 €
2020/FA/ 000186	06/01/2020	FE191370331396 00	17/12/201 9	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	ELECT. DECEMBRO RUA PONTEVEDRA,0012AP	2020.1650.22100	40,99 €
2020/FA/ 000187	06/01/2020	FE191370332722 04	18/12/201 9	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	ELECT. DECEMBRO RUA DO RIO, 0031AP	2020.1650.22100	262,21 €
2020/FA/ 000188	06/01/2020	FE191370334607 66	19/12/201 9	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	ELECT. DECEMBRO RUA ALVARO CUNQUEIRO,0007AP	2020.1650.22100	85,46 €
2020/FA/ 000189	06/01/2020	FE191370336754 61	22/12/201 9	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	ELECT. DECEMBRO TRAGOVE,0023CD ALPUB	2020.1650.22100	263,60 €
2020/FA/ 000262	23/01/2020	1000326F190013 1	30/12/201 9	URBASER SA	RECOLLIDA VOLUMINOSOS E TRASLADO PUNTO LIMPO DECEMBRO	2020.1621.22700	3.465,00 €
2020/FA/ 000264	23/01/2020	1000326F190013 0	30/12/201 9	URBASER SA	RECOLLIDARSU DECEMBRO	2020.1621.22700	24.485,92 €
2020/FA/ 000619	11/02/2020	FE173212224225 35	05/01/201 7	NATURGY IBERIA, S.A.	ELECT. COLEXIO SANT TOMÉ 16/03/2016 - 19/04/2016	2020.3210.22100	1.217,80 €
2020/FA/ 000674	28/02/2020	111942	09/11/201 9	CARBALLA MARTINEZ, JAVIER	LIMPEZA CAMIÑOS VILARIÑO	2020.1533.21000	7.557,66 €
2020/FA/ 000933	11/03/2020	31	12/10/201 9	MORAÑA MUÑOS, CARLOS	ACTUACIÓN BAILE XUBILADOS 12.10.2019	2020.2310.22609	302,50 €
2020/FA/ 001077	02/04/2020	FE173212224225 33	05/01/201 7	NATURGY IBERIA, S.A.	ELECT. COLEXIO SANTO TOMÉ 27/01/2016 - 18/02/2016	2020.3210.22100	834,34 €
2020/FA/ 001078	02/04/2020	FE173212224225 36	05/01/201 7	NATURGY IBERIA, S.A.	ELECT. COLEXIO SANTO TOMÉ 20/04/2016 - 13/05/2016	2020.3210.22100	942,14 €
2020/FA/ 001079	02/04/2020	FE173212224225 32	05/01/201 7	NATURGY IBERIA, S.A.	ELECT. COLEXIO SANTO TOMÉ 12/12/2015 - 26/01/2016	2020.3210.22100	1.289,99 €
2020/FA/ 001081	02/04/2020	92018	02/08/201 8	PIÑEIRO RODRÍGUEZ, MARÍA ESTRELLA	Asesoramiento xurídico Punto Morado Festa Albariño 2018	2020.9200.22604	599,99 €
2020/FA/ 001868	08/06/2020	A/80205	17/09/201 9	ROTULACIONES CHOLO, S.L.	ROTULACIÓN VEHÍCULO P.C. M4326LC	2020.1350.21400	810,70 €



2020/FA/ 001949	01/07/2020	NA193358	30/12/201 9	NATURA HAIR SYSTEM'S, S.L.	XOGO PELUCAS REIS MAGOS	2020.3380.22699	300,01 €
2020/FA/ 001963	01/07/2020	E114	07/05/201 9	ROMERO BETANZOS, ROBERTO	ACTUACIÓN DÚO LATINO O 5 DE MAIO 2019 FESTA DO DÍA DA NAI	2020.3380.22699	278,30 €
2020/FA/ 002086	14/07/2020	A2018/A/243	14/08/201 8	TELEVISION DA MANCOMUNIDADE DO SALNES SL	PROMOCIÓN FESTA ALBARIÑO 2018	2020.3380.22602	5.384,50 €
2020/FA/ 002219	03/08/2020	127	20/12/201 9	IÑAKI BECERRA, S.L.	VESTIARIO E COMPLEMENTOS REIS MAGOS 2020	2020.3380.22699	376,90 €
2020/FA/ 002433	11/08/2020	005497	24/01/201 8	LEJIAS MARY, S.L.	LIXIVIA	2020.9200.22110	121,00 €
2020/FA/ 002435	11/08/2020	006512	15/10/201 9	LEJIAS MARY, S.L.	LIXIVIA	2020.9200.22110	121,00 €
2020/FA/ 002439	12/08/2020	005978	03/04/201 9	LEJIAS MARY, S.L.	LIXIVIA	2020.9200.22110	121,00 €
2020/FA/ 002441	12/08/2020	005890	17/01/201 9	LEJIAS MARY, S.L.	LIXIVIA	2020.9200.22110	121,00 €
2020/FA/ 002442	12/08/2020	005655	11/06/201 8	LEJIAS MARY, S.L.	LIXIVIA	2020.9200.22110	121,00 €
2020/FA/ 002443	12/08/2020	006086	03/07/201 9	LEJIAS MARY, S.L.	LIXIVIA	2020.9200.22110	121,00 €
2020/FA/ 002444	12/08/2020	005724	03/08/201 8	LEJIAS MARY, S.L.	LIXIVIA	2020.9200.22110	121,00 €
2020/FA/ 002469	19/08/2020	13/2019	21/04/201 9	NOVO GRANDAL, ENRIQUE	ACTUACIÓN MUSICAL BAILES DE PASCUA 3ª IDADE (2019)	2020.2310.22609	338,80 €
2020/FA/ 002550	01/09/2020	Emit-181	23/12/201 9	INSTALITO, S.L.U.	INSTALACIÓN TERMO ELÉCTRICO EN A MERCED	2020.3340.21200	677,60 €
2020/FA/ 002974	01/09/2020	Emit-0001	01/09/202 0	GONZALEZ BAULO, EVARISTO	ALUGUER FINCA PARKING AVDA. DO SALNÉS 8 MESES DE 2018 E 2019	2020.1330.20000	12.805,79 €
							127.508,55 €

TERCEIRO.- Trasladar o presente Acordo ao Departamento de Intervención e Tesouraría, aos efectos de practicar as anotacións contables correspondentes ao presente recoñecemento e liquidación de obrigacións.

3.- Expediente 3794/2020. Convalidación da Resolución de aprobación do Expte. de modificación orzamentaria 2020/MOD/022 mediante suplemento de crédito por importe de 67.869,50 €

O Sr. Secretario da conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda, Industria e Urbanismo, favorable, por tres votos a favor dos concelleiros de PsdeG-PSOE, Somos Cambados e grupo mixto Cambados Pode e catro abstencións dos grupos municipais do PP, BNG do seguinte tenor literal,

“Visto o expediente administrativo de modificación orzamentaria núm. 2020/MOD/022 do Orzamento en vigor, na modalidade de suplemento de crédito, financiado con baixas por anulación por importe total de 67.869,50 €.

Vista a Resolución desta Alcaldía, número 2020-1083 de data 09/09/2020, de aprobación da modificación orzamentaria 2020/MOD/022 (que figura, como documento 04, no expediente de modificación).

De conformidade co establecido no artigo 9 do Real Decreto Lei 27/2020, de 4 de agosto, de medidas financeiras, de carácter extraordinario e urgente, aplicables ás entidades locais, a Resolución de de aprobación da modificación orzamentaria 2020/MOD/022, deberá ser obxecto de convalidación polo Pleno do Concello na primeira sesión que celebre a partir da súa aprobación, e será publicado no boletín oficial da provincia de Pontevedra.

De conformidade co indicado pola Interventora no informe de data 08/09/2020 (que figura, como documento 03, no expediente de modificación de crédito 2020/MOD/022).

Realizada a tramitación legalmente establecida, esta Alcaldía propón ao Pleno, previo ditame da comisión informativa, a adopción do seguinte:

ACORDO



PRIMEIRO. Convalidar a Resolución desta Alcaldía, número 2020-1083 de data 09/09/2020, de aprobación da modificación orzamentaria 2020/MOD/022 do Orzamento en vigor, na modalidade de suplemento de crédito financiado con baixas por anulación, por importe total de 67.869,50 €.

SEGUNDO. Publicar a modificación citada no Boletín oficial da provincia de Pontevedra.”

O Sr. Charlín Trigo da lectura á seguinte intervención,

“O Goberno Municipal realizou o pasado 11 de setembro unha modificación de crédito do orzamento para reforzar en máis de 60.000 Euros o Servizo de Axuda no Fogar dos Servizos Sociais do Concello de Cambados.

O servizo de axuda no fogar viu incrementada a súa demanda, xa que estamos ante un estado de emerxencia social, producido por un feito non previsto, debido á propagación da infección do COVID 19, que afecta e compromete as capacidades persoais, os recursos e medios de subsistencia así como as relacións ou redes sociais e familiares. As persoas afectadas por esta crise atópanse nunha situación de desprotección grave, por iso precisan unha intervención inmediata e ineludible, para evitar que esta situación agrávese e/ou xere maior prexuízo á poboación.

Ante a existencia de gastos extraordinarios e urxentes directamente relacionados coa situación de crise económica e sanitaria, correspondentes ao Servizo de axuda no fogar do Concello de Cambados que non poden demorarse até o exercicio seguinte, e dado que se dispón de dotación orzamentaria na aplicación de Fondo de continxencia, o Goberno Municipal aprobou un suplemento de crédito financiado con cargo a anulación de créditos da citada aplicación por importe de 67.869,50 Euros.

Desta maneira o Goberno municipal realizou esta modificación orzamentaria que segundo establece a Lei 27/2020 permite que esta modificación sexa executiva, xa que van ser destinados para atender de forma inmediata gastos extraordinarios e urxentes relacionados directamente coa crise económica e sanitaria, e da que se da conta neste pleno, pero que a falta de aprobación da mesma non ten efectos anulatorios.”

O Sr. Abal Varela (Cambados Pode) di facer un inciso en relación a creación da Comisión de reconstrución económica e social aprobada no Pleno anterior para poder escoitar e ter en conta a todas as partes afectadas.

Insiste en que nesta situación se poña en marcha esa Comisión que xa está en marcha en moitos lugares. Considera esencial escoitar e atender as propostas de todo o mundo.

O Sr. Caamaño Rivas (BNG) di que sempre que se precise ao seu grupo para apoiar ás persoas mais desfavorecidas e mais nesa situación, como é o caso, atoparano.

O Sr. Aragunde Aragunde (PP) di estar de acordo con esta modificación e con calquer outra en relación con servizos sociais, nunha situación de especial gravidade.

Considera necesario ampliar a plantilla, e di que non resulta lóxico que unha auxiliar de obras presente servizos en servizos sociais.

Para calquer iniciativa que teña por obxecto incrementar a plantilla en servizos sociais pode contarse co seu grupo, conclúe.

A Sra. Alcaldesa da conta da situación puntual á que se refire o portavoz do PP que se levou a cabo para a cobertura de vacacións da persoa titular e en consenso coa traballadora.

Sometido a votación o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros,



ACORDA:

PRIMEIRO.- Convalidar a Resolución desta Alcaldía, número 2020-1083 de data 09/09/2020, de aprobación da modificación orzamentaria 2020/MOD/022 do Orzamento en vigor, na modalidade de suplemento de crédito financiado con baixas por anulación, por importe total de 67.869,50 €.

SEGUNDO.- Publicar a modificación citada no Boletín oficial da provincia de Pontevedra.

4.- Expediente 3875/2020. Modificación de Ordenanzas Fiscais para o ano 2021: ABASTECIMIENTO

O Sr. Secretario da conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda, Industria e Urbanismo, favorable, por tres votos a favor dos concelleiros integrados nos grupos municipais de PsdeG-PSOE, Somos Cambados e grupo mixto Cambados Pode e catro abstencións dos grupos municipais do PP e BNG do seguinte tenor literal,

“En desenvolvemento das competencias recoñecidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto no artigo 20 en relación cos artigos 15 a 19 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da lei Reguladora das Facendas Locais, considérase necesario modificar a Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa pola Prestación do Servizo de Distribución de Auga.

Á vista do expediente formado, e dos informes que acompañan ao expediente, a Concellería de Economía, Facenda, Comercio, Industria e Promoción Económica PROPÓN que, previo ditame da Comisión de Facenda e Patrimonio, o Pleno da Corporación adopte o seguinte ACORDO de modificación de Ordenanzas fiscais do Concello:

PRIMEIRO.- *Modificar parcialmente a ordenanza reguladora da taxa pola prestación do servizo de distribución de auga, nos termos que se transcriben a continuación:*

....

SEGUNDO.- *Dar ao expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante exposición do mesmo no taboleiro de anuncios deste Concello por prazo de trinta días hábiles, publicando o anuncio de exposición no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de maior difusión da provincia. Durante o prazo de exposición pública do expediente os interesados poderán examinalo e expor as reclamacións que estimen oportunas.*

TERCEIRO.- *Considerar, no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado, que o acordo é definitivo, en base ao artigo 17.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.”*

O Sr. Charlín Trigo da lectura á seguinte intervención,

“ACORDO DE GOBERNO PARA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE DISTRIBUCIÓN DE AUGA

A modificación da ordenanza deriva do escrito presentado polo concesionario do servizo de distribución de Auga, Viaqua S.L., nesta mes de setembro, solicitando actualización das tarifas



do servizo conforme ó Índice de Prezos ó Consumo, en virtude do disposto nas cláusulas do prego de cláusulas administrativas particulares do contrato de xestión integral do servizo público de Distribución de Auga, mediante concesión administrativa.

O IPC aplicado é o interanual entre o mes de agosto de 2019 e agosto 2020, cumpríndose o intervalo establecido polo Instituto Nacional de Estadística para o cálculo do IPC interanual. Compróbase que, en efecto, o descenso ascendeu ó 0,5%, tal e como sinala o concesionario no seu escrito

Tratándose dunha modificación de ordenanza por actualización do IPC non é necesaria a existencia dun estudio económico financeiro da modificación, tal e como sinala a Sentencia da Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Supremo de 10 de maio de 2012.

Debe sinalarse que a actualización desta ordenanza conforme ó IPC non contradí o disposto na Lei 2/2015 de desindexación da economía española, nin o seu regulamento de desenvolvemento, aprobado por Real Decreto 55/2017. E isto porque, pese a que a Lei ten como obxecto, como sinala o seu artigo 1, o establecemento dun réxime nos que os valores monetarios non sexan modificados en virtude de índices de prezos ou fórmulas que o conteñan, a súa disposición transitoria sinala que “o réxime de revisión de prezos dos contratos incluídos no ámbito de aplicación do texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, cuxo expediente de contratación se iniciara antes da entrada en vigor do regulamento de desenvolvemento da lei, será o que este establecido nos pregos”.

Dado que este é o caso que nos ocupa e que os ingresos a percibir polo concesionario derivan do cobro das tarifas desta taxa, conforme establece nos pregos, enténdese que esta actualización non se opoñe ó establecido na mencionada lei.

Á vista do expediente formado, propoñemos que, previo dictame da Comisión de Facenda e Patrimonio, o Pleno da Corporación adopte o seguinte ACORDO de modificación de Ordenanzas fiscais do Concello:

MODIFICAR ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO DISTRIBUCIÓN DE AUGA

Modificar parcialmente a ordenanza reguladora do imposto, nos termos que se transcriben no acordo presentado hoxe a pleno e aprobado pola comisión de Facenda.”

O Sr. Abal Varela (Cambados Pode) di que votarán a favor da proposta que se trata da actualización anual do IPC. Manifesta que neste caso o saldo é negativo por mor da crise sanitaria.

Solicita un plan económico para baixar os impostos e as taxas municipais en liña coa anterior lexislatura.

Di que a situación é terrible e que é primordial baixar impostos e taxas municipais para as pequenas e medianas empresas, tendo en conta que o peor aínda é posible que estea por chegar.

Di que a rebaixa que se propón ven traída por imperativo legal e do contrato.

O Sr. Caamaño Rivas (BNG) di que van apoiar a proposta e a actualización negativa considera que se trara dun indicativo dunha situación precaria e negativa para a sociedade.



O Sr. Aragunde Aragunde (PP) di que van votar a favor aínda que coinciden en que a baixada do IPC é indicador dunha situación negativa.

Sometido a votación o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros,
ACORDA:

PRIMEIRO.- Modificar parcialmente a ordenanza reguladora da taxa pola prestación do servizo de distribución de auga, nos termos que se transcriben a continuación:

“PREÁMBULO

O Pleno do concello, no uso das facultades concedidas polos artigos 133 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e polos artigos 15 a 20 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, acorda a modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de distribución de auga.

ARTIGO 5- Cota tributaria

A contía da taxa será a resultante da aplicación das tarifas contidas neste artigo.

TARIFAS (IVE non engadido)

Concepto	Importe (€/m3) por auga facturada
USOS DOMESTICOS.-	
Mínimo ata 15 m3/mes	0,3769
De 15 a 25 m3/mes	0,4330
Mais de 25 m3/mes	0,4800
USOS COMERCIAIS.-	
Mínimo ata 15 m3/mes	0,4330
Mais de 15 m3/mes	0,4800
USOS INDUSTRIAIS.-	
Mínimo ata 40 m3/mes	0,4330
De 40 a 100 m3/mes	0,4800
Mais de 100 m3/mes	0,5269
PARA OBRAS.-	
Mínimo ata 100 m3/mes	0,4800
Mais de 100 m3/mes	0,5269
CUOTA DE MANTEMENTO.-	
Uso doméstico (aboado/mes)	3,284
Uso comercial (aboado/mes)	8,654
Uso industrial (aboado/mes)	10,500
Uso xeral de obras (aboado/mes)	11,560
Uso obras vivendas unifamiliares (aboado/mes)	5,780



Facturarase mensualmente ós consumidores de mais de 100 m ³ /mes que o soliciten No caso de existir contador xeral computaranse todas as vivendas existentes na edificación	
Conservación de contadores (cota por vivenda ou local/mes) No caso de existir contador xeral computaranse tódalas vivendas existentes na edificación	0,640
TAXA DE REAPERTURA POR CORTE DE AUGA.-	
Taxa de reapertura (euros)	44,12
TAXA DE ACOMETIDA.- (A percibir polo Concello)	
Por vivenda ou local (No suposto de existir un contador xeral computaranse tódalas vivendas ou locais existentes na edificación)	48,01

TARIFAS DE ACOMETIDAS DE AUGA POTABLE E INSTALACIÓN DE CONTADORES

Unidades de obra:

1 Collar de toma de fundición, incluso banda de aceiro inoxidable. MI. tubo de P.E. de 16 Atm. de presión de traballo

1 Chave de rexistro de cuadradillo, tipo GREINER ou similar

1 Arqueta con rexistro de fundición

2 a 4 Enlaces latón, tipo GREINER ou similar

Apertura e peche de gabia en terreo normal a unha profundidade máx. de 1,2 m.

Mano de obra realización do montaxe da acometida

Acometidas de 1 a 3 m.:

	Diámetro da acometida				
	3/4"	1"	1 1/4"	1 1/2"	2"
Reposición:					
Sen apertura	213,09 €	231,98 €	273,61 €	437,55 €	564,90 €
Terra	294,38 €	313,28 €	355,01 €	519,24 €	646,88 €
Asfalto	371,26 €	390,18 €	431,88 €	596,13 €	723,77 €
Formigón	379,94 €	398,84 €	440,54 €	604,80 €	732,43 €
Beirarrúa/lastro	414,31 €	433,21 €	474,90 €	639,18 €	766,80 €
Losa de pedra	577,97 €	596,19 €	614,42 €	772,81 €	904,94 €

Acometidas de mais de 3 m.e ata 10 m. (€/m):

	Diámetro da acometida				
	3/4"	1"	1 1/4"	1 1/2"	2"
Reposición					
Sen apertura	1,43 €/m	2,29 €/m	3,59 €/m	5,54 €/m	8,73 €/m
Terra	28,49 €/m	29,35 €/m	30,71 €/m	32,79 €/m	36,11 €/m
Asfalto	54,12 €/m	55,00 €/m	56,35 €/m	58,41 €/m	61,73 €/m



Formigón	56,96 €/m	57,88 €/m	59,23 €/m	61,28 €/m	64,63 €/m
Beirarrúa/lastro	68,45 €/m	69,34 €/m	70,66 €/m	72,75 €/m	76,08 €/m
Lousa de pedra	90,73 €/m	91,66 €/m	92,90 €/m	94,78 €/m	97,87 €/m

Os prezos incrementaranse no I.V.E. correspondente

Nota: As acometidas en terreo en roca terán un suplemento de 60,39 € por metro lineal.

TARIFAS DE INSTALACIÓN DE CONTADORES

Os contadores que se utilizan como medidores de caudal están autorizados polo Ministerio de Industria e Enerxía.

Cando o contador a instalar sexa dun diámetro superior a 30 mm. ou ben sexa preciso realizar reformas nas instalacións, presentará o peticionario un presuposto incluíndo man de obra e materiais a empregar.

MATERIAL	Importe Contador	Importe Instalación	Importe total
Ud. contador diam. 13 mm.	43,83 €	30,75 €	74,58 €
Ud. contador diam. 15mm.	50,31 €	31,93 €	82,24 €
Ud. contador diam. 20 mm.	61,41 €	39,43 €	100,84 €
Ud. contador diam. 25 mm.	104,85 €	50,23 €	155,08 €
Ud. contador diam. 30mm.	170,27 €	60,45 €	230,72 €

Os prezos incrementaranse no I.V.E correspondente Tarifa doutros diámetros contadores

MATERIAL	Importe Contador
Ud. contador diam. 40 mm.	293,42 €
Ud. contador diam. 50 mm.	624,37 €
Ud. contador diam. 65 mm.	774,03 €

OUTRAS TARIFAS

Ud. Válvula de corte diám. 25	-32 mm	10,30 €
Ud. Válvula de purga diám. 2	5-32 mm	5,25 €
Válvula de retención diám. 25-32 mm		6,11 €
Filtro diám. 25-32 mm		10,64 €

Os prezos incrementaranse no I.V.E. correspondente

DISPOSICIÓN FINAL

A modificación da presente Ordenanza, unha vez publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia, entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2021, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa”.

SEGUNDO.- Dar ao expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante exposición do mesmo no taboleiro de anuncios deste Concello por



prazo de trinta días hábiles, publicando o anuncio de exposición no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de maior difusión da provincia. Durante o prazo de exposición pública do expediente os interesados poderán examinalo e expor as reclamacións que estimen oportunas.

TERCEIRO.- Considerar, no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado, que o acordo é definitivo, en base ao artigo 17.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

5.- Expediente 3788/2020. Modificación Ordenanzas Fiscais para o ano 2021: SANEAMENTO

O Sr. Secretario da conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda, Industria e Urbanismo, favorable, por tres votos a favor dos concelleiros integrados nos grupos municipais de PsdeG-PSOE, Somos Cambados e grupo mixto Cambados Pode e catro abstencións dos grupos municipais do PP e BNG do seguinte tenor literal,

“En desenvolvemento das competencias recoñecidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto no artigo 20 en relación cos artigos 15 a 19 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da lei Reguladora das Facendas Locais, considérase necesario modificar a Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa pola prestación do servizo de sumidoiros.

*Á vista do expediente formado, a Concellería de Economía, Facenda, Industria e Urbanismo **PROPÓN** que, previo ditame da Comisión de Facenda e Patrimonio, o Pleno da Corporación adopte o seguinte ACORDO de modificación de Ordenanza fiscal do Concello:*

PRIMEIRO.- Modificar parcialmente a ordenanza reguladora da taxa pola prestación do servizo de sumidoiros, nos termos que se transcriben a continuación:

...
SEGUNDO.- Dar ao expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante exposición do mesmo no taboleiro de anuncios deste Concello por prazo de trinta días hábiles, publicando o anuncio de exposición no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de maior difusión da provincia. Durante o prazo de exposición pública do expediente os interesados poderán examinalo e expor as reclamacións que estimen oportunas.

TERCEIRO.- Considerar, no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado, que o Acordo é definitivo, en base ao artigo 17.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.”

O Sr. Charlín Trigo da lectura á seguinte intervención,

“A modificación da ordenanza deriva do escrito presentado polo concesionario do servizo de sumidoiro, Espina & Delfín S.L., nesta mes de setembro, solicitando actualización das tarifas do servizo conforme ó Índice de Prezos ó Consumo, en virtude do disposto nas cláusulas 10 e 11 do prego de cláusulas administrativas particulares do contrato de xestión integral do servizo público de sumidoiros, mediante concesión administrativa.



O IPC aplicado é o interanual entre o mes de agosto de 2019 e agosto 2020, cumpríndose o intervalo establecido polo Instituto Nacional de Estadística para o cálculo do IPC interanual. Compróbase que, en efecto, o descenso ascendeu ó 0,5%, tal e como sinala o concesionario no seu escrito

Tratándose dunha modificación de ordenanza por actualización do IPC non é necesaria a existencia dun estudio económico financeiro da modificación, tal e como sinala a Sentencia da Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Supremo de 10 de maio de 2012.

Debe sinalarse que a actualización desta ordenanza conforme ó IPC non contradí o disposto na Lei 2/2015 de desindexación da economía española, nin o seu regulamento de desenvolvemento, aprobado por Real Decreto 55/2017. E isto porque, pese a que a Lei ten como obxecto, como sinala o seu artigo 1, o establecemento dun réxime nos que os valores monetarios non sexan modificados en virtude de índices de prezos ou fórmulas que o conteñan, a súa disposición transitoria sinala que “o réxime de revisión de prezos dos contratos incluídos no ámbito de aplicación do texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, cuxo expediente de contratación se iniciara antes da entrada en vigor do regulamento de desenvolvemento da lei, será o que este establecido nos pregos”.

Dado que este é o caso que nos ocupa e que os ingresos a percibir polo concesionario derivan do cobro das tarifas desta taxa, conforme establece nos pregos, enténdese que esta actualización non se opoñe ó establecido na mencionada lei.

Á vista do expediente formado, propoñemos que, previo dictame da Comisión de Facenda e Patrimonio, o Pleno da Corporación adopte o seguinte ACORDO de modificación de Ordenanzas fiscais do Concello:

MODIFICAR ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVICIO DE SUMIDOIROS

Modificar parcialmente a ordenanza reguladora do imposto, nos termos que se transcriben no acordo presentado hoxe a pleno e aprobado pola comisión de Facenda”

O Sr. Charlín Trigo (Somos Cambados) da conta de que nos atopamos ante unha taxa que, por Lei, debe cubrir o custo do servizo.

Neste caso se pode aplicar o IPC porque o contrato é anterior á Lei 2/2015 de desindexación da economía española.

(Os grupos municipais adiantan o seu voto favorable á proposta).

O Sr. Charlín Trigo (Somos Cambados) di agradecer o apoio dos grupos á proposta presentada.

Sometido a votación o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros,

ACORDA:

“**PRIMEIRO.**- Modificar parcialmente a ordenanza reguladora da taxa pola prestación do servizo de sumidoiros, nos termos que se transcriben a continuación:

“PREÁMBULO

O Pleno do concello, no uso das facultades concedidas polos artigos 133 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e polos artigos 15 a 20 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, acorda a modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do



servizo de sumidoiros

ARTIGO 5.- Cota tributaria

A contía da taxa será a resultante da aplicación das tarifas contidas neste artigo.

TARIFAS (IVE non engadido)

Grupos	Usuarios	Cuota Sumid. (€/ano)
I	Vivendas (por unidade), comercios menores (ata 2 empregados), oficinas, locais en galerías, locais baleiros, e semellantes.	46,78
II	Consultas (médicos, avogados, etc.), academias, comercios maiores (máis de 2 empregados), perruquerías, talleres de motos e bicicletas, oficinas bancarias, e semellantes.	93,63
III	Tabernas, bares, cafeterías, pubs, clubs nocturnos, restaurantes, hospedaría (ata 20 habitacións), churrasquerías, hamburgueserías, fábricas de pan, pastelerías, carnicerías, pescaderías, e semellantes.	163,81
IV	Talleres de coches e barcos, tintorerías e lavanderías, imprentas, hospedaría (de máis de 20 habitacións), adegas (ata 100.000 litros de produción), e semellantes.	234,01
V	Centros médicos, clínicas, piscinas unifamiliares, cines e teatros, laboratorios, discotecas e salas de festa, bingos, adegas (de 100.001 a 500.000 litros de produción), e semellantes.	280,90
VI	Industrias cárnicas, prefabricados de formigón, fábricas de produtos de pedra, estacións de servizo, lavado e engraxe, depuradoras de mariscos, cámpings, piscinas de uso público (non de explotación municipal), adegas industriais (de máis de 500.000 litros de produción), e semellantes.	351,08
VII	Cocedeiros de produtos de mar, fábricas de conservas e empresas semellantes.	2706,47

Taxa de acometida (a percibir polo Concello):

Usuarios incluídos nos Grupos I e II da Tarifa:	147,04
Usuarios incluídos nos Grupos III e IV da Tarifa:	183,81
Usuarios incluídos nos Grupos V e VI da Tarifa:	220,59

Taxa por análise de vertidos: ph, conductividade, sólidos en suspensión totais, D.B.O.5, D.Q.O, fósforo total, nitróxeno amonacal, sulfuro, aceites e graxas, recollida e envío mostra ó laboratorio:

- A solicitude do Concello:	
Con resultado negativo (por encima dos límites).....	349,20 €
- A solicitude do suxeito pasivo.....	349,20 €



Taxa por inspeccións periódicas e informes:	
- A solicitude do suxeito pasivo.....	216,99 €

Prezo de acometidas de saneamento (a percibir polo concesionario):	
Zanxa en terra	405,96 €
Zanxa en asfalto	473,62 €
Zanxa en acera	527,76 €

DISPOSICIÓN FINAL

A modificación da presente Ordenanza Fiscal, unha vez publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia, entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2021, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa”.

SEGUNDO.- Dar ao expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante exposición do mesmo no taboleiro de anuncios deste Concello por prazo de trinta días hábiles, publicando o anuncio de exposición no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de maior difusión da provincia. Durante o prazo de exposición pública do expediente os interesados poderán examinalo e expor as reclamacións que estimen oportunas.

TERCEIRO.- Considerar, no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado, que o Acordo é definitivo, en base ao artigo 17.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

6.- Expediente 2813/2019. Proposición establecemento dedicacións parciais da Corporación

A Sra. Alcadesa (PsdeG-PSOE), ao abeiro do artigo 97.2 do Real Decreto 2568/1986 do 28 de novembro, somete a votación a inclusión na orde do día da proposición que di,

“Mediante acordo do Pleno de 24.07.2019 acordouse aprobar unha dedicación exclusiva para a Alcaldía do Concello de Cambados cunha retribución bruta anual de 40.000 euros.

É vontade desta Alcaldía e do grupo de goberno prestar un decidido servizo á cidadanía, contribuíndo activamente a satisfacer as necesidades e aspiracións dos veciños do Concello de Cambados; con tal motivo, e coidando que a complexidade e volume de asuntos polas Corporacións Locais fai imprescindible manter unha especial dedicación por parte dos cargos electos, nuns casos plena e constante, e noutros, aínda sen dedicación exclusiva, si cunha especial intensidade que os obriga a compaxinar a súa actividade laboral co desenvolvemento do seu cargo.

Isto implica a necesidade de establecer os cargos para os que o exercicio do posto requira dedicación exclusiva e os que precisan de ser desenvolvidos, canto menos, cunha dedicación



parcial, así como as características e retribucións de ambos supostos.

Neste caso, a regulación, características e retribucións dos mesmos irán acompañados da determinación do seu réxime de dedicación mínima.

Visto o disposto polo artigo 75.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril que establece que os membros das Corporacións locais percibirán retribucións polo exercicio dos seus cargos cando os desempeñen con dedicación exclusiva, en cuio caso serán dados de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social, asumindo as Corporacións o pago das cuotas empresariais que correspondan.

Visto o disposto polo artigo 75.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril que establece que os membros das Corporacións Locais que desempeñen os seus cargos con dedicación parcial por realizar funcións de presidencia, vicepresidencia ou ostentar delegacións ou desenvolver responsabilidades que así o requiran en cuio caso serán dados de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social, asumindo as Corporacións o pago das cuotas empresariais que correspondan.

Visto que segundo o disposto no artigo 75.5 da Lei 7/1985 do 2 de abril que determina que as Corporacións locais consignarán nos seus orzamentos as retribucións, indemnizacións e asistencias, dentro dos límites que con carácter xeral se establezan e deberán publicarse íntegramente no "Boletín Oficial da Provincia" e fixarse no taboleiro de anuncios da Corporación os acordos plenarios referentes a retribuciones dos cargos con adicación exclusiva e réxime de dedicación parcial y régimen de dedicación de estos últimos, indemnizacións e asistencias, así como os acordos do Presidente da Corporación determinando os membros da mesma que realizarán as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva ou parcial destes últimos e polo que propoño ao Pleno a adopción do seguinte,

ACORDO:

1. Establecer catro dedicacións parciais entre os concelleiros/as que ostenten delegacións outorgadas pola alcaldía.

2. Fixar, en atención á súa responsabilidade e proporcionalmente á dedicación proposta (equivalente a 20 horas semanais) unhas retribucións brutas anuais de 21.200 €, que se dividirán en catorce pagas, das que doce o serán con devengo mensual e dúas devengarase nos meses de xuño e decembro.

3. O nomeamento dos concelleiros/as delegados/as que desempeñen os cargos en réxime de dedicación parcial será realizado pola Alcaldía de acordo co establecido no artigo 75.5 da Lei 7/1985 do 2 de abril.

En todo caso, os designados/as deberán aceptar o exercicio do cargo, no prazo de tres días hábiles, entendéndose aceptado o cargo se transcorrera o mencionado prazo sen comunicación expresa de renuncia.

4. Que se proceda á publicación do acordo adoptado no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios da Corporación."

O Pleno, por quince votos a favor dos concelleiros integrados nos grupos municipais de PsdeG-PSOE, Somos Cambados, PP, Grupo Mixto Cambados Pode e dúas abstencións do grupo municipal do BNG, acorda ratificar a inclusión na orde do día da proposición anterior.

A Sra. Alcaldesa expón que a crise do coronavirus está dando lugar a unha situación



de extrema necesidade para os veciños de Cambados e conleva unha maior actividade do Concello.

Argumenta que se precisa de tempo para poder xestionar e coordinar toda esta actuación e por isto se plantea a aprobación destas adicacións de carácter parcial.

Da conta das dificultades para compatibilizar o que a xestión municipal require e por isto propóñense uns orzamentos municipais que poidan reflectir estas adicacións.

Di que se trae unas dedicacións para poder compatibilizar a xornada laboral de oito horas para atender día a día aos veciños de Cambados.

Da conta do informe de Intervención que obra no expediente e que non supón reparo algún.

Considera que se están poñendo trabas por parte da oposición para que o carro non ande e afirma que os perxudicados son os de fora e é algo que debería terse en conta.

O Sr. Abal Varela (Cambados Pode) di que o dos salarios trátase dun tema delicado con respecto a sociedade nun momento de restricións, Ertes...

Da conta das promesas electorais do goberno e da función da oposición á hora de esixir o seu cumprimento.

Dí tamén que o Edil de Somos Cambados, Constantino Cordal, manifestou nun debate televisivo en campaña que estaba preparado para gobernar sen soldo e adicación.

Considera que é difícil que lle poida votar a favor e non pode apoiar esta iniciativa por mor desa promesa electoral, tendo a necesidade de ser coherente a este respecto.

Di que el nunca diría que pode compatibilizar un traballo de oito horas coa actividade do Concello, tal e como fixo o Sr. Cordal.

Considera que a nova política debe superar que non se cumpran as promesas electorais e resulta complicado votar ao seu favor.

A Sra. Alcaldesa di que o Sr. Abal ten moi mala memoria cando dixo que non ía apoiar a ningunha coalición de goberno e que só se ía apoiar a si mesmo cambiando de opinión cando se lle ofreceu unha dedicación de 39.500 euros.

O Sr. Abal Varela (Cambados Pode) di que o que afirma é mentira reservándose o seu dereito ao exercizo das accións legais que correspondan.

Solicita que se retire a acusación anterior e manifesta que o pacto de goberno foi posterior a esa negociación.

(A Sra. Alcaldesa chama á orde de forma sucesiva ao Sr. Abal solicitándolle que cese no uso da palabra con advertencia de expulsión na segunda.

Ante a terceira chamada a orde a Sra Alcaldesa manifesta que o Sr. Abal Varela ten que abandonar a sesión sen que se execute a citada medida, continuando o citado concelleiro participando no resto da sesión).

O Sr. Cordal Rodríguez (Somos Cambados) nega que prometese non cobrar e que non tivo adicación nesta lexislatura nin na anterior.



O Sr. Caamaño Rivas (BNG) di que ante a situación de pandemia a oposición está apoiando ao goberno pero di tamén que no tema das adicacións a cuestión é diferente.

Di que é unha cuestión diferente os orzamentos coas adicacións do persoal que deben ser obxecto dunha negociación distinta.

Di que cando se trae isto ao Pleno debe saber o que vai ocorrer.

A Sra. Alcadesa di que é difícil negociar cando non se acude a reunións.

O Sr. Caamaño Rivas (BNG) di que nunca dixo que ía acudir a unha reunión. Di que as reunións dos concelleiros e do grupo municipal non son o mesmo.

A Sra. Alcadesa di que a reunión era entre o grupo municipal do BNG e o goberno e que ten dúas convocatorias por escrito.

O Sr. Caamaño Rivas (BNG) di que ten o escrito e un compromiso que se rachou no momento en que se mete o punto na orde do día sen tratalo previamente.

O Sr. Charlín Trigo (Somos Cambados) pregúntase como van buscar tempo para facer uns orzamentos se non teñen adicación aprobada.

(Prodúcese un intercambio de palabras entre o Sr. Caamaño e o Sr. Charlín Trigo).

(As 22.15 abandona momentaneamente a sesión á Sra. Leiro Peña).

O Sr. Cordal Rodríguez (Somos Cambados) di que é difícil manter unha relación cordial cando alguén insulta ao seu partido político.

(Ás 22.17 reincorporase a Sra. Leiro Peña)

Di que o Sr. Abal Varela copiou o seu programa político de Independentes por Torrelodones nas eleccións do 2015 e pídelle que sexa mais respetuoso.

Defende que serían uns salarios inferiores ao das lexislaturas anteriores o que considera razoable.

Da conta de 11 reunións co BNG no curso do ano 2019.

Di que se fixo un esforzo para incorporar o goberno o BNG mantendo as mesmas áreas de goberno aínda que perderan un concelleiro.

Manifesta que lle xurden dúbidas acerca da verdadeira vontade do BNG e da idea de que parece que se quere facer sufrir coa intención de que o goberno municipal pida papas.

O Sr. Lago Ozón (PsdeG-PSOE) considera que se trata dunha proposta austera de tan só catro adicacións parciais.

Di que a pandemia ven de agravar as necesidades de atención á veciñanza.



Expón que se redoblaron esforzos coa chegada da Covid facendo sacrificios persoais e familiares que nada teñen que ver coa política.

Plantea uns orzamentos participativos que precisan de tempo e por iso esas liberacións son necesarias e tan só suponen un 1% do orzamento.

Considera que non se trata de gañar cartos porque os perderían nos seus traballos, e tan só están a pedir tempo para adicalo ao Concello.

Solicita aos grupos da oposición un voto favorable a esta proposta a cambio de chegar a acordos e agradece a boa disposición do PP e Cambados Pode na asistencia a estas reunións de orzamentos municipais.

O Sr. Aragunde Aragunde (PP) di que non hai nada que agradecer e que e a súa obriga é a de acudir ás reunións ás que se lles convoca.

Manifesta que cando un se presenta non sabe se vai gañar, perder e ter ou non dedicacións.

Di que gobernaron con once concelleiros, cunha adicación exclusiva e cunha parcial coa posibilidade, eso si, de contar con asesores ao contar con maioría absoluta.

Da conta de que reduciu o número de dedicacións no ano 2019.

Di que hai técnicos responsables no Concello capaces de xestionar e que están dispostos a que se contraten técnicos, e iso si se pode negociar.

A Sra. Alcadesa considera que as decisións as adoptan os políticos.

O Sr. Aragunde Aragunde (PP) di sorprendelle, ademais, que a convocatoria inclúa este asunto sen que fose negociado previamente.

A Sra. Alcadesa di que hai unha pandemia e que a situación mudou.

O Sr. Aragunde Aragunde (PP) reflexiona que isto é un problema da Lei electoral e maniféstase a prol de facer unha segunda volta nas eleccións. Di que o goberno ten que ter en conta que tan só conta con sete membros.

A Sra. Cruz Leiro (PsdeG-PSOE) reflexiona acerca das atribucións dos técnicos e dos políticos na xestión municipal.

Sometido a votación o Pleno por sete votos a favor (PsdeG-PSOE, Somos Cambados) e dez en contra (PP, BNG e Grupo Mixto Cambados) acorda rexeitar a proposición anterior.

7.- Expediente 2187/2020. Proposta do P.P. en apoio do sector do viño galego.-

O Sr. Secretario da conta ditame da Comisión Informativa de Turismo e Enoturismo por seis votos a favor dos concelleiros integrados nos grupos municipais de PsdeG-PSOE, Somos Cambados, PP e Grupo Mixto Cambados Pode e unha abstención do grupo municipal do BNG do seguinte tenor literal,



“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

No Consello de Ministros do pasado día 9 de xuño, foi aprobado un paquete de medidas extraordinarias para o sector do viño a proposta do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, por importe de 90,5 millóns de euros, co obxectivo de paliar a difícil situación que atravesamos o sector a causa da covid-19.

As medidas de apoio ao sector vitivinícola publicadas polo Goberno de España son claramente contrarias ao impulso do viño de calidade que é o que producimos en Galicia, perxudican ao sector vitícola de calidade e particularmente, ás denominacións de orixe galegas.

As medidas aprobadas non se adaptan á realidade do sector vitivinícola galego. As medidas amosan unha clara aposta polo viño con menor valor engadido e cunha orientación territorial que perxudica á nosa comunidade autónoma, favorecendo aquelas nas que prima a cantidade sobre a calidade.

Os criterios empregados polo Ministerio non serven para o sector galego, xa que a nosa comunidade posería beneficiarse, como moito, dunha aportación de 300.000 euros sobre un total de 90 millóns para o conxunto de España. Algo especialmente grave tendo en conta que os viños galegos con DO supoñen un 4% no volume total do viño de España e case un 6% do valor (facturación) destas producións a nivel nacional.

Por todo isto, do total das axudas, deberían correspondernos da orde de 5 millóns de euros. O Goberno de España aproba unhas axudas extraordinarias sen ter en conta as especificidades das nosas explotacións, neste caso dos nosos viticultores e as nosas adegas. Así, compre advertir, en canto ás axudas para destilación, que os viños galegos con denominación de orixe teñen un posicionamento de prezo no mercado de tipo medio ou medio-alto, o que invalida esta iniciativa na nosa comunidade, fronte outras zonas de España con grandes superficies de cultivo e prezos baixos de uva nas que si poder ser efectiva.

Sobre a colleita en verde, que sería a única das medidas aprobadas que tería unha incidencia directa sobre o peto do viticultor (a parte máis fraxil da cadea), esta medida non se adapta ás características da nosa comunidade nin resulta aplicable na viticultura galega, xa que só sería obxecto desta práctica en superficies mínimas de 0,3 hectáreas, cando a media dos viñedos galegos é de 0,250 hectáreas. Nesta liña, o Goberno do Estado propón unha vendimia en verde para toda a parcela, cando Galicia o que viña demandando era un clareo.

Ademais, a produción de uva galega está moi axustada e resulta prematuro pensar nun exceso de froito para a vendimia. Todo isto sen esquecer que o prezo ao que propoñen pagar a uva que se tire non chega nin para cubrir os custos da man de obra deste traballo de cortar e tirar a uva en verde.

A maiores, consideramos tamén como outro despropósito a obriga establecida polo Ministerio de que os consellos reguladores teñan que reducir a produción nesta mesma vendimia, diminuindo os rendementos máximos por hectárea para vinificación. Unha medida que, ademais das perdas pola uva non colleitada, o fiato de adoptala a estas alturas do ano provocaría inseguridade xurídica fronte aos contratos firmados entre os viticultores e as adegas, e entre as adegas e os distribuidores nacionais e internacionais.

A demanda unánime do sector vitícola é que se reclame polo goberno nacional á UE que se flexibilice a normativa europea que non permite facer promoción do viño no mercado interior ao tempo que se permita incrementar excepcionalmente do 15% ao 30% a porcentaxe de viño dunha colleita que se pode mesturar para facer viño de colleitas posteriores mantendo a añada no etiquetado. Tamén se demanda do goberno nacional que xunto coas medidas extraordinarias aprobadas se habiliten fondos para unha campaña de promoción dos viños con denominación de orixe, como fórmula para fomentar o seu consumo e paliar os efectos da pandemia nas vendas das nosas adegas.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal Popular presenta a seguinte moción para aprobación polo Pleno da Corporación do seguinte ACORDO:

Solicitar ao Goberno de España que:

- Que rectifique os criterios para acceder ás medidas aprobadas no Consello de Ministros de 9 de xuño a efectos de ter en conta ás autonomías á hora de deseñar e aplicar liñas de axudas e normativas, dado que a realidade de cada unha delas é distinta.
- Que se dote economicamente con partida diferente ao importe xa existente no PASVE para realizar unha campaña de promoción do consumo de viño español con denominación de orixe



no mercado interior que deberá ser deseñada de acordo coas CCAA e os consellos reguladores das denominacións. O reparto dos fondos desta campaña deberá de facerse en proporción á porcentaxe que as denominacións de orixe de cada CCAA representan no conxunto do viño español con denominación de orixe.

-Que defenda os intereses das nosas denominacións de orixe ante a Unión Europea na petición de incrementar a porcentaxe de viño de cada colleita que se pode mesturar con colleitas posteriores do 15% actual ao 30%, sen que iso afecte á obriga de etiquetar coa añada.”

O Sr. Aragunde Aragunde (PP) di que abriuse unha subvención do Ministerio por 90 millóns de euros para o sector vitivinícola que non convence nin favorece aos Consellos Reguladores de Galicia.

Desta forma os sectores manifestaron a súa discrepancia por non beneficiar aos viños galegos e si a outros viños con menor valor engadido coma os de Castilla.

Da conta de diversas emendas que non tiveron acollida.

A emenda do BNG fala da posibilidade de que a Xunta creara unha partida para facilitar a compra de uva e iso si que se fixo.

Pretendese, en definitiva, buscar outros criterios para que Galicia non se vexa tan perxudicada nestas axudas.

O Sr. Abal Varela (Cambados Pode) di que a vendimia xa acabou e que non resulta lóxico debater de algo que xa é auga pasada considerando axeitado adiantar o horario das sesións para tratar desas mocións.

Di que votarán a favor da moción e considera que o Consello de Ministros non tivo en conta a realidade de Galicia.

Lembra que en abril de 2019 presentou unha moción para incrementar o cupo das uvas que, a diferenza con outros Concellos, saíu rexeitada.

Adianta que votarán a favor da emenda do BNG.

Pidelle aos partidos socialista e popular que emenden o seu voto en contra do ano pasado.

A Sra. Alcadesa di non lembrar se votaron a favor ou en contra e que si non votaron a favor foi polas consultas efectuadas aos viticultores e á Denominación de Orixe.

O Sr. Caamaño Rivas (BNG) di que votarían a favor pero si é posible pulir a moción considérao mais axeitado.

Da conta dunha emenda á proposta do seguinte tenor literal,

“1.- Trasladar ao goberno do Estado a discrepancia da Corporación municipal pola organización e resultados do Real Decreto 557/2020 e demandar a negociación e xestión directa por parte da Xunta de Galiza dun novo paquete de fondos específicos para o sector do viño cunha dotación orzamentaria que incremente e complemente os xa existentes.

2.- Demandar da Xunta de Galiza un papel proactivo na defensa do sector do viño defendendo a negociación directa do noso país nas negociacións nos ámbitos estatais e europeos previo consenso coas denominacións de orixe e consellos reguladores. A comezar por demandar ante a Unión Europea a modificación transitoria e acotada no tempo das cantidades autorizadas nas mesturas de anadas anteriores sen que iso afecte á obriga de etiquetar coa anada e por demandar a non redución de fondos para a vindeira PAC.

3.- Demandar da Xunta de Galiza a aprobación dun Plan específico fronte á covid-19 para o sector vitivinícola galego que inclúa, cando menos: axudas directas adaptadas á realidade do noso sector vitivinícola, medidas para garantir a recollida da uva e a garantía de prezos mínimos a través de contratos homologados e negociados, medidas para a promoción e comercialización das adegas e medidas para axudar ao incremento da capacidade de almacenamento.”

Lembra que o asunto é competencia exclusiva da Xunta de Galicia, tal e como establece o artigo 30 do Estatuto de Autonomía de Galicia.

Considera que o punto primeiro da moción está superado, directamente, e non ten sentido o seu tratamento.

Concordamos en que os fondos teñen que ser maiores e que hai que dialogar cos territorios e que Galicia debe ter capacidade de decisión cando se trata dunha competencia exclusiva galega.

Da conta de que o BNG votou en contra no Parlamento por consideralo lesivo para Galicia.

O Sr. Lago Ozón (PsdeG-PSOE) manifesta que a ampliación do cupo é algo que xa está contemplado no Pleno do Consello Regulador.

Manifesta que é algo que existe e haberá que pedir que se aplique previo estudio da cuestión.

Manifesta que estas medidas non son de aplicación a Galicia, tendo en conta a idiosincrasia do noso territorio.

Di que non lle doe que se critique ao goberno do Estado e recoñece que as medidas non favorecen en nada ao sector vitivinícola de Galicia.

Considera que non é certo que non se consensuou coa Comunidade de Autónoma de Galicia cando si é certo que se celebrou unha Comisión Interterritorial para tratar deste asunto.

O Sr. Aragunde Aragunde (PP) di que hai notas de prensa que din que non houbo negociación e que as medidas non foron debatidas.

O Sr. Lago Ozón (PsdeG-PSOE) plantea algunhas modificacións á emenda do BNG e di estar mais nese texto que no da moción do Partido Popular.



Plantea substituír o termo “Consellos Reguladores” por “Organizacións Profesionais Agrarias”.

E no punto terceiro engadiría *“prezos obxectivos que su puideran indexar para que se puideran calcular de forma transparente”* e que esas axudas estivesen vinculadas ao cumprimento dos contratos.

Propón un cupo máximo flexible adaptado á produción real, e non sen límite.

O Sr. Abal Varela (Cambados Pode) di que o Consello Regulador está traballando nesa liña.

O Sr. Aragunde Aragunde (PP) refiríndose á moción de abril de 2019, teñen a dúbida de se propoñía que se incrementase o cupo en anos excepcionais ou de forma xenérica.

O Sr. Abal Varela (Cambados Pode) contesta que o era de forma excepcional.

O Sr. Charlín Trigo (Somos Cambados) da lectura á moción de abril do 2019.

O Sr. Aragunde Aragunde (PP) di que a exposición do Sr. Lago Ozón é sindical e que e iso será o debate que ten que manter a Xunta de Galicia co sector.

Di ter moitas dúbidas en votar a favor ou en contra dun cupo do Consello Regulador e considera que iso é algo que non é competencia dos concelleiros.

Mantén que o seu grupo seguirá votando abstención no tema dos cupos e non ten problema en apoiar o resto.

O Sr. Lago Ozón (PsdeG-PSOE) di que a emenda non require aos Consellos Reguladores e si ás Administracións. Di estar de acordo en retirar os cupos para acadar a unanimidade.

O Sr. Abal Varela (Cambados Pode) considera que co cupo se trata de eliminar o mercado paralelo e agradece a rectificación do Sr. Lago Ozón no tema do cupo.

Sometido a votación a toma en consideración da emenda o Pleno, por unanimidade dos seus membros, aproba a súa toma en consideración.

Sometido a votación a proposta coa emenda o Pleno, por unanimidade dos seus membros, adopta o seguinte,

ACORDO:

1.- Trasladar ao goberno do Estado a discrepancia da Corporación municipal pola organización e resultados do Real Decreto 557/2020 e demandar a negociación e xestión directa por parte da Xunta de Galiza dun novo paquete de fondos específicos para o sector do viño cunha dotación orzamentaria que incremente e complemente os xa existentes.

2.- Demandar da Xunta de Galiza un papel proactivo na defensa do sector do viño



defendendo a negociación directa do noso país nas negociacións nos ámbitos estatais e europeos previo consenso coas denominacións de orixe e organizacións profesionais agrarias. A comezar por demandar ante a Unión Europea a modificación transitoria e acotada no tempo das cantidades autorizadas nas mesturas de anadas anteriores sen que iso afecte á obriga de etiquetar coa anada e por demandar a non redución de fondos para a vindeira PAC.

3.- Demandar da Xunta de Galiza a aprobación dun Plan específico fronte á covid-19 para o sector vitivinícola galego que inclúa, cando menos: axudas directas adaptadas á realidade do noso sector vitivinícola, medidas para garantir a recollida da uva e a garantía de prezos mínimos a través de contratos homologados e negociados de acordo cuns prezos obxectivos e que su puideran indexar para o seu calculo transparente, medidas para a promoción e comercialización das adegas e medidas para axudar ao incremento da capacidade de almacenamento quendando todas elas vinculadas ao cumprimento dos contratos.

8.- Expediente 2808/2020. Proposta do P.P. solicitando que non peche a oficina do I.S.M. de Cambados, que se atenda presencialmente en Capitanía Marítima e se aumente a plantilla do I.S.M. e Capitanía Marítima.-

O Sr. Aragunde Aragunde (PP) plantea a retirada deste asunto da orde do día.

O Pleno manifesta a súa conformidade na súa retirada.

A Sra. Alcaldesa resolve alterar a orde do día e deixar o tratamento das propostas en relación á Educación para o seu debate conxunto no vindeiro Pleno.

10.- Expediente 2838/2020. Proposta de goberno instando ao Sergas a situar en Cambados a base da ambulancia medicalizada do Salnés.

O Sr. Secretario da conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Servizos Sociais, Terceira Idade, Seguridade Cidadá e Mobilidade, por catro votos a favor dos concelleiros integrados nos grupos municipais do PsdeG-PSOE, Somos Cambados, BNG e grupo mixto Cambados Pode e tres abstencións dos concelleiros integrados no grupo municipal do PP do seguinte tenor literal,

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 30 de abril de 2019 este Concello remitiulle ao Servizo Galego de Saúde (SERGAS) unha solicitude para que se designara ao Punto de Atención Continuada (PAC) do Centro de Saúde de Cambados como base permanente na comarca do Salnés dunha das novas ambulancias de soporte vital avanzado.

Cambados dispón dun PAC que atende á poboación de catro concellos (ademais do noso, tamén ó de A Illa de Arousa, Meis e Ribadumia) e ten un Centro de Saúde de referencia en determinados servizos sanitarios para eses municipios.

Debido precisamente ao feito arriba sinalado, os facultativos do PAC de Cambados teñen que abandonar en moitas ocasións este centro sanitario para atender urxencias fora do noso municipio, deixando o PAC sen atención médica, co conseguinte risco para a saúde (incluso para a vida) das persoas que se acheguen neses momentos ao PAC coa necesidade dunha



atención médica urgente senón inmediata (por exemplo, nos posibles casos dun infarto ou dun ictus).

Dende logo, a disposición dunha ambulancia de soporte vital avanzado no PAC de Cambados contribuiría decisivamente a evitar desgrazas (moitas veces, evitables) e dotaría dunha mellor atención sanitaria a todos os concellos veciños.

Pois, Cambados dispón dunha céntrica situación na comarca do Salnés e conta con infraestructuras viarias de conexión de alta capacidade con Vilagarcía de Arousa, Vilanova de Arousa, Sanxenxo, Ribadumia, Meis, Meaño e O Grove.

Por todo o anteriormente exposto e despois de non ter recibido resposta a día de hoxe da solicitude remitida o SERGAS o 30 de abril de 2019, e vistas as informacións publicadas nos últimos días sobre o traslado da mencionada ambulancia de soporte vital avanzado de Vilagarcía de Arousa a Sanxenxo, preséntase o seguinte ACORDO para a súa aprobación en Pleno pola Corporación Municipal:

- 1. A Corporación Municipal do Concello de Cambados insta ao SERGAS a situar no PAC de Cambados a base permanente dunha ambulancia de soporte vital avanzado.*
- 2. A Corporación Municipal do Concello de Cambados insta ao SERGAS a dotar ao PAC de Cambados do persoal médico preciso para que en todo momento dispoña dos facultativos necesarios.*
- 3. Dar traslado deste ACORDO á Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia.”*

O Sr. Cordal Rodríguez da lectura á proposta presentada.

Di que se trata dun tema recorrente e que se está a analizar en sucesivas reunións.

O Sr. Abal Varela (Cambados Pode) di que van votar a favor e ao lado dos veciños/as de Cambados.

O Sr. Caamaño Rivas (BNG) di que van votar a favor e lembra que é necesaria unha ambulancia todo o ano e non só no verán.

O Sr. Aragunde Aragunde (PP) di que van apoiar a moción co ánimo de defender aos veciños/as de Cambados.

Sometido a votación o Pleno, por unanimidade dos seus membros, adopta o seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO.- Instar ao SERGAS a situar no PAC de Cambados a base permanente dunha ambulancia de soporte vital avanzado.

SEGUNDO.- Instar ao SERGAS a dotar ao PAC de Cambados do persoal médico preciso para que en todo momento dispoña dos facultativos necesarios.

TERCEIRO.- Dar traslado deste ACORDO á Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia.

11.- Expediente 2908/2020. Proposta de Cambados Pode para tramitación de contratación e mellora da capa de rodadura do vial a Xesteira - Castrelo.-

O Sr. Secretario da conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Obras e



Servizos, por un voto a favor do Grupo Mixto Cambados Pode e seis abstencións dos grupos municipais de PsdeG-PSOE, Somos Cambados, BNG e PP do seguinte tenor literal,

“A instancias dos veciños residentes na parroquia de Castrelo, no ano 2018 redactouse proxecto de mellora da capa de rodadura de varios viais de accesos a vivendas e leiras agrícolas. No mes de xullo deste ano iniciouse a execución de dito proxecto pero un dos camiños incluídos nese plan foi retirado polo goberno municipal.

Trátase dun vial de aproximadamente 300 metros de lonxitude, que afecta a 15 familias e que nos meses de inverno vólvese totalmente impracticable dificultando o acceso ás leiras agrícolas.

O goberno municipal decidiu de forma unilateral retirar o camiño mencionado do Plan Concellos 2018 e incluído nun novo proxecto de asfaltados pero no Plan Concellos 2020, o que vai supoñer un atraso de 2 anos para a súa execución.

O PLENO DA CORPORACIÓN ACORDA:

1º.- Instar á Alcaldesa e ao grupo de goberno do Concello de Cambados a tramitar a contratación deste vial ao longo deste ano 2020, antes do período de choivas, ben a través dalgunha baixa correspondente ás contratacións das distintas obras ao abeiro do Plan Concellos da Deputación de Pontevedra ou ben con fondos municipais.

2º.- O Concello de Cambados nun prazo máximo de 10 días deberá comunicar o acordo desta moción a tódolos veciñ@s afectados por este vial.”

O Sr. Abal Varela (Cambados Pode) plantea que no proxecto do Plan Concellos 2018 executouse un paquete de camiños do que tan só foi excluído este.

Considera que non é necesario agardar polo Plan Concellos 2020 e se podería levar a cabo baixas para poder levalo a cabo dado o seu mal estado

O Sr. Caamaño Rivas (BNG) pregunta ao Sr. Lago Ozón polos causas emotivos do seu retraso.

O Sr. Lago Ozón (PsdeG-PSOE) contesta que se retirou porque había obras executadas con fondos propios e houbo que facer un reaxuste nos proxectos.

Que esa era a única obra que non conducía a vivendas e si a fincas agrícolas por isto se lle deu preferencia.

Que as baixas se invirten en obras no Muíño da Seca, no adecentamento da Casa de Corvillón e na mellora da rede de saneamento.

Plantea unha emenda á moción do seguinte tenor literal,

“Debido á modificación do proxecto inicialmente aprobado por ter parte executada, e ante a necesidade de facer cadrar as novas obras incluídas co importe orzamentado, esta obra tivo que retirarse do plan concellos 2018-2019. Tendo en conta que esta obra se pode financiar 100% con fondos de Deputación, carece de sentido executala con fondos propios. Polo exposto se acorda que se manteña o compromiso de executala no plan concellos 2020, onde xa foi incluída e aprobada.”



O Sr. Abal Varela di que se mudou por un camiño de Vilariño que non era tan preferente e que xa estaba asfaltado.

Explica que este era o único camiño que non estaba asfaltado e considera que era o mais importante dos que había no lote.

O Sr. Lago Ozón di que o que se fixo foi dar preferencia ao camiño que daba servizo a fincas.

Sometido a votación a toma en consideración da emenda o Pleno, por nove votos a favor dos concelleiros integrados no grupo municipal do PsdeG-PSOE, Somos Cambados e BNG, seis votos en contra do grupo municipal do PP e do Grupo Mixto Cambados Pode e a abstención da concelleira D^a Maria del Mar Nuñez Chaves aproba a súa toma en consideración.

Sometido a votación a proposta coa emenda o Pleno, por nove votos a favor dos concelleiros integrados no grupo municipal do PsdeG-PSOE, Somos Cambados e BNG, cinco votos en contra dos concelleiros integrados no grupo municipal do PP e tres abstencións dos concelleiras Núñez Chaves (PP), Fernández Pérez (PP) e Abal Varela (Cambados Pode) adopta o seguinte,

ACORDO:

Que debido á modificación do proxecto inicialmente aprobado por ter parte executada, e ante a necesidade de facer cadrar as novas obras incluídas co importe orzamentado, esta obra tivo que retirarse do plan concellos 2018-2019. Tendo en conta que esta obra se pode financiar 100% con fondos de Deputación, carece de sentido executala con fondos propios.

Polo exposto se acorda que se manteña o compromiso de executala no plan concellos 2020, onde xa foi incluída e aprobada.

Rogos e preguntas

O Sr. Aragunde Aragunde (PP) plantea as seguintes preguntas:

Cando se aprobará definitivamente o Inventario de camiños do municipio de Cambados e cando teñen pensado que entre en vigor?

O Sr. Charlín Trigo (Somos Cambados) plantea que se está en contacto coa empresa redactora a efectos de dar contestación ás alegacións presentadas.

Na Avda. do Salnés hai un vehículo estacionado desde fai anos, agora mesmo está nun estado lamentable, dando unha imaxe moi negativa do noso municipio, cando retirarán este vehículo?

O Sr. Cordal Rodríguez (Somos Cambados) plantea que se está a facer xestións conxuntamente coa Garda Civil para abordar este tema.

Chegada a medianoite a Sra. Alcaldesa da por rematada a sesión, na data e hora indicada no encabezamento, de todo o que eu como secretario, dou fe extendendo a presente acta, a reserva dos termos que resulten da súa aprobación, segundo o





disposto no artigo 206 do R.O.F. constando na convocatoria os puntos da orde do día da actividade de control dos que se da conta:

- Dación en conta das Resolucións dictadas pola Alcaldía (Do 28/07/2020 ata o 20/09/2020)

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

